

PEZA DO MES

marzo

2014



**PRANCHA DE GRAVADO
SANTO CRISTO DE OURENSE**



ESTAMPA DO SANTO CRISTO DE OURENSE. COLECCIÓN PARTICULAR ÁNGEL DOMÍNGUEZ

Prancha de gravado. Santo Cristo de Ourense

Dentro das múltiples e variadas manifestacións da relixiosidade popular, as estampas constitúen ao longo do tempo un dos elementos de devoción máis importantes e característicos. Xa desde finais do século XIV os monxes predicadores, a fin de propagar e reforzar a fe, distribuíron estampas con representacións de santos, da figura da Virxe nas súas diferentes advocacións e con escenas da vida de Cristo, singularmente da Paixón. Este tipo de imaxes xilográficas proliferarán por Europa, e estarán na orixe dos libros primeiro e da imprenta de tipos móbiles despois. En calquera caso, o espallamento da imprenta facilitará a reprodución múltiple de láminas relixiosas, ben soltas, ben incluídas ou acompañando libros piadosos, e, practicamente, todos os gravadores do momento se dedicarán a esta tarefa que suporá a súa principal fonte de ingresos.

Como consecuencia do Concilio de Trento (1545-1563), a imaxe vaise converter en eficaz instrumento de propaganda e adoutramento da reformada Igrexa

Católica. Por iso, será durante a Idade Moderna, como produto das teses contrarreformistas, cando o gravado de temática relixiosa acade unha extraordinaria presenza, cun fin claramente didáctico e catequético. Deste xeito, á abundante circulación de estampas devotas populares durante o século XVII seguirá a época do seu máximo desenvolvemento ao longo do século XVIII, entrando no século XIX nun proceso de decadencia progresiva.

O gravado devocional, como poderoso medio de comunicación posto ao servizo da difusión de determinadas imaxes sagradas e ao fomento da "pietas", acadará unha inmensa popularidade, constituíndo durante séculos a principal vía da súa difusión iconográfica, de tal modo que se pode dicir que non existiría imaxe principal que non tivese a súa correspondente estampa. Esta virá marcada por unha serie de características que lle son propias como é a súa difusión masiva, o seu interese por estimular unha determinada veneración e a pretendida fidelidade á obra de imaxinaría representada. Destaca, tamén, a súa función como refuxio contra as penas do Purgatorio, pola habitual concesión de indulxencias a quen era portador ou rezaba diante dunha estampa. Terán, ademais, o valor engadido dos poderes taumatúrxicos que se lle apuñan contra todo tipo de infortunios e desgrazas, e que se consideraban directamente transferidos dende a figura orixinal á copia impresa.

Xeralmente son imaxes que se vinculan ao consumo particular. Como símbolo de piedade e devoción, colocábanse en capelas, celas de conventos e diferentes cuartos das casas, especialmente nos dormitorios, que se convertían, así, en oratorios privados que invitaban á oración e á meditación introspectiva.

Polo que respecta ás técnicas utilizadas, a xilografía ou gravado sobre madeira foi o método empregado en exclusiva ata o século XVII en que a aparición do gravado en metal ou calcográfico, coa súa progresiva implantación e afianzamento, producirán un notable desprazamento da estampa xilográfica que quedará, a partir de entón, normalmente reservada para a temática máis popular da estampación.

Porén, será soamente nas grandes cidades e de xeito especial en Madrid onde se imporá a nova técnica, que dá como resultado un trazo máis fino e detallado, moito máis rico en matices e tonalidades.

No seu afán por fomentar e difundir as devocións máis populares e, especialmente, as particulares ou locais, os patrocinadores e institucións promotoras das estampas serán as tradicionais institucións eclesiásticas: conventos, mosteiros, santuarios, parroquias e confrarías, para as que constituían, ademais, un dos principais medios de recadación con que contaban. Ao mesmo tempo, conseguían que a fe nos seus titulares, nas súas devocións e iconografías se estendesen de xeito insospeitado.

Existían tamén encargas realizadas por particulares, que se identifican por recoller na súa lenda “Gravado a devoción de ...”.

O museo ourensán conserva algunhas estampas en papel, así como varias matrices metálicas ou láminas orixinais ingresadas no tempo da Comisión de Monumentos, entre as que se conta a que hoxe presentamos como peza do mes.

Trátase dunha prancha de cobre, de 320 x 212 mm, aberta coa técnica do buril, que reproduce a figura do Santísimo Cristo de Ourense na súa capela.

Xa dende antigo testemuñábase a gran veneración que esta imaxe espertou entre os devotos, de clase humilde ou xentes principais, que dende moitos lugares viñan en busca da súa protección e consolo. A súa orixe e historia aparece envolta na lenda e garda un grande paralelismo coa doutros Cristos articulados medievais que se teñen por achados no mar –singularmente cos de Burgos e Fisterra– e que serían obra de Nicodemo.

A tradición conta que a talla ourensá apareceu aboiando no mar de Fisterra, dende onde a fixo traer don Vasco Pérez Mariño, bispo entre 1333 e 1343, quen mandou ser enterrado ao seu carón.

No completo e documentado estudo *La capilla y santuario del santísimo Cristo* de la catedral de Ourense, publicado inicialmente nas páxinas do *Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Ourense* en 1943 por Ferro Couselo e Lorenzo Fernández, e reproducido en 1988 como Anexo 12 do *Boletín Auriense*, os autores recollen diversas noticias referidas a láminas e estampas coa imaxe do Cristo que transcriben do Libro de Contas da Capela. A primeira referencia é de 1672, en que o racioneiro Jerónimo González, faise cargo de cincocentas estampas. Entre outras novas, en 1696 páganselle cincocentos reais “a don Agustín de Bustamante por diferentes dibujos que saco para la lamina del Santo Xpto” e na mesma data figuran “qta y ocho Rs de Trescientos Retratos de papel de Marquilla que vinieron de Madrid”, “mas de abrir y componer la lamina bieja del Sto Xpto sesa Rs y 315 Rs que costo el abrir la lamina nueva con el tabernaculo”. En 1743 encárgase unha nova lámina que sería remitida polo Doutoral dende Madrid, pola que se pagaron trescentos reais, máis sesenta que custou o debuxo. Esta última lámina é a que hoxe conserva o Museo.

O feito de que todas elas fosen realizadas en Madrid resulta indicativo da importancia outorgada á imaxe e da alta valoración que merecían os talleres madrileños. Alí era onde estaban os mellores gravadores, moitas veces artistas foráneos que abrían as láminas consideradas de maior transcendencia e valor artístico. En Galicia, pola súa banda, Santiago era daquela o único centro con actividade na arte do gravado, pero a técnica e refinamento dos seus gravadores, en moitos casos prateiros de oficio, era en xeral de baixa calidade, como

queda documentado no completo estudo que Yolanda Barriocanal realizou sobre o gravado compostelano do século XVIII.

A lámina procura a reprodución do baldaquino orixinal da Capela do Santo Cristo, ese grandioso e aparatoso marco creado polo arquitecto e mestre de obras da catedral de Santiago Domingo de Andrade, para acobillo e exposición da sagrada imaxe. Enormes anxos, apoiados sobre columnas salomónicas, sosteñen o templete que aparece coroadado por dous pequenos anxos cos instrumentos da Paixón e a figura do pelicano como remate. Aos pés do Cristo, sobre as gradas, figuran personificacións das Virtudes Teolóxicas e debaixo, o Sagrario con Xesús Neno portando a bóla do mundo; aos lados, as catro Virtudes Cardinais cos seus respectivos atributos. A imaxe do crucificado é unha interpretación persoal do autor, que se afasta claramente do orixinal.

Ao pé do retablo figura a seguinte inscrición: Vº Rº DEL SSº CHRISTO DE ORENSE, a firma do gravador IOAN PEREZ, apenas lexible, e a data 1743.

Cofecemos, en dúas coleccións particulares, unha estampa xilográfica, tamén do século XVIII, moi similar aínda que menos rica nos detalles e na que non consta data nin autor.

O singular fervor e devoción ao Santo Cristo de Ourense, da que son firme expresión a lámina e a estampa referidas, non quedaría tampouco restrinxida ao territorio auriense. O seu culto é compartido coa parroquia de Brazatortas (Ciudad Real), onde, desde 1778, teñen por patrón ao *Santo Cristo de Ourense*. A lenda local narra que nesa data uns arrieiros ourensáns regresaban de Córdoba cun cargamento de aceite e que transportaban, canda eles, unha imaxe sagrada do crucificado (outras versións falan dunha estampa), pero que, ao chegaren alí, os mulos negáronse a continuar, o que foi interpretado como o desexo da imaxe de quedar no lugar. Desde entón Ourense e Brazatortas comparten advocación. Quizais a imaxe reproducida nunha entalladura que se conserva no Museo de Belas Artes de Valencia entre a colección de tacos xilográficos procedentes da antiga imprenta Villalba-Barceló –estudados por Santiago Montoya Beleña– responda ao Cristo manchego e non ao ourensán. Segundo reza o rótulo que acompaña esa imaxe, trátase de EL SANTÍSIMO CHRISTO DE ORENSE. Neste exemplar, a composición é máis sinxela, e mostra ao Crucificado vestido con faldellín, no interior dun camarín formado por un dosel con cortinaxes recollidas e candelabros.

Ás veces, como vemos, as devocións populares viaxan a lugares afastados, en tempos e formas que resultan difíciles de explicar sen recorrer a lendas e tradicións, tan vinculadas, por outra parte, sempre, ás cuestións relixiosas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA
DE GALICIA